

BURGO

3 - 6
XULLO

Xardín Botánico
Ría do Burgo

JAZZ 2026



Venres 3
21:00h



Wilson Jazz Quartet & Friends
(10 anos despois)

Wilson & Friends é un destacado proxecto musical liderado polo versátil trompetista e fliscornista cubano **Wilson Ortega Rueda**, fincado na Coruña.

Dez anos despois do seu inesquecible paso por **BurgoJazz, Wilson & Friends Jazz Quartet** regresa ao escenario do festival para celebrar o reencontro co público cullerdense. Cunha formación renovada e un repertorio deseñado especialmente para esta ocasión, o cuarteto ofrecerá unha viaxe musical que transita desde as raíces do máis profundo Jazz afro-cubano até a elegancia dos jazz ballads e a enerxía do jazz-funk contemporáneo.



A velada incluírá unha versión en clave jazz do emblemático tema galego **Lela** e a estrea absoluta de BurgoBlues, composición creada especialmente para esta edición do festival, ademais doutras sorpresas.

Virtuosismo, sensibilidade, experiencia e unha extraordinaria compenetración musical únense nesta proposta.

TULLIUS XIII
Gestión Artística



Concello de
CULLEREDO

BURGO

3 - 6
XULLO

Xardín Botánico
Ría do Burgo

JAZZ 2026

Sábado 4

21:00h

Pablo Sanmamed Cuarteto

Pablo Sanmamed (Santiago de Compostela) é un destacado contrabaixista, compositor e produtor musical galego. O proxecto do **Pablo Sanmamed Cuarteto** destaca por fusionar de maneira innovadora o jazz contemporáneo con elementos da música tradicional galega e medieval.

Comeza a funcionar a trío no 2015, presentando un repertorio integrado por composicións propias. Na súa idea estética prevalecen os compases irregulares mesturados con partes líricas, no que buscan distintos puntos de vista dentro da sonoridade do trío estándar (piano, contrabaixo e batería), observando músicas e referentes tanto dentro do jazz como doutras músicas.



En 2023 publica 'Zugunruhe, inquietude migratoria', coa colaboración de **Benxamín Otero** en oboe e corno inglés, e o habitual trío de Jazz, conformado por **Iago Mourinho** ao piano e **Bruno Couceiro** á batería, para dar forma a un cuarteto que forxa un son comunitario inmersivo. Con este proxecto gaña o 1º Premio Martín Codax da Música do 2024 en Jazz e Músicas Improvisadas (Músico/as Ao Vivo).

TULLIUS XIII
Gestión Artística



Concello de
CULLEREDO

BURGO

3 - 6
XULLO

Xardín Botánico
Ría do Burgo

JAZZ 2026



Domingo 5

21:00h

Tributo a Richard Galliano

Este tributo nace da reunión entre a banda residente desde mais de 13 anos no **Jazz Filloa** e o acordeonista, compositor e cantante bielorruso, fincado hai anos na provincia de Lugo, **Vadim Yukhnevich**.

Vadim, ve nesta invitación a colaborar nun dos tributos aos grandes do Jazz, a oportunidade perfecta para facer unha homenaxe ao gran acordeonista, vinculado esencialmente ao Jazz. A elección da música corre a cargo de **Yukhnevich**, que fai unha excelente selección dos grandes éxitos do acordeonista e compositor francés, tales como Xava Indigo, Sertao ou A French Touch, entre outros.



Pedro A. González

Este concerto homenaxe será interpretado por **Vadim Yukhnevich** ao acordeón, **Pablo Añón** co saxo soprano, **Iago Mouriño** ao piano, **José Manuel Díaz** no contrabaixo e **Miguel Cabana** á batería.



TULLIUS XIII
Gestión Artística



Concello de
CULLEREDO

BURGO

3 - 6
XULLO

Xardín Botánico
Ría do Burgo

JAZZ 2026



Luns 6

21:00h

Pepe Rivero & Ángela Cervantes

Olas y arenas

Proxecto delicado e elegante, liderado polo pianista e compositor cubano, **Pepe Rivero** e a cantante ibicenca **Ángela Cervantes**, co que rememoran o legado da inmensa artista portorriqueña, Sylvia Rexach. Cantante, compositora, guionista de comedia e poeta, adiantada á súa época, a quen renden homenaxe cunha selección das súas cancións, coas que dar voz á súa sensible obra, así como á súa intensa aínda que breve vida. Días narrados a través da súa poesía e melodías, entre a Primeira Guerra Mundial e a bohemia nocturna dos anos 50.



O pianista e compositor **Pepe Rivero** parte case sempre da estrutura dalgún xénero da música cubana, como o guaguanco, o cha-cha-cha, a guajira, a conga, etc., e incorpora complexas harmonías que extrae do seu amplo acervo como jazzista e compositor con herdanza clásica.

Ángela Cervantes é unha cantante e compositora ibicenca con alma mestiza e voo internacional. A súa voz, libre e versátil, móvese con naturalidade entre xéneros como o bolero, o gospel, o jazz ou a canción de raíz.

TULLIUS XIII
Gestión Artística



Concello de
CULLEREDO